



Proceso para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira do corpo superior de Administración xeral e corpo facultativo superior de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, do persoal laboral fixo de diversas categorías e postos pertencentes ao grupo I, do V Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante o seu cambio de vínculo xurídico

Modelo A: Galego

NON abra o exame ata que se lle indique

1. De conformidade co ámbito subxectivo previsto no artigo 2 da Lei 39/2015, a quen se aplica esta lei con carácter supletorio? (sinale a resposta incorrecta):

- a) Ás universidades públicas.
- b) Ás entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das administracións públicas, cando exerzan potestades administrativas.
- c) Ás corporacións de dereito público no exercicio das funcións públicas que lles fosen atribuídas.

2. O artigo 3 da Lei 39/2015 manifesta que, para os efectos previstos nesta lei, terán capacidade de obrar ante as administracións públicas:

- a) As persoas físicas ou xurídicas que teñan capacidade de obrar conforme ás normas administrativas.
- b) Os menores de idade para o exercicio e defensa daqueles dos seus dereitos e intereses cuxa actuación non estea permitida polo ordenamento xurídico sen a asistencia da persoa que exerza a patria potestade, tutela ou curatela.
- c) Os grupos de afectados, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos, cando a lei así o declare expresamente.

3. A Lei 39/2015, no seu artigo 5, prevé que deberá incorporar ao expediente administrativo a acreditación da condición de representante e dos poderes que ten recoñecidos nese momento:

- a) O órgano competente para a iniciación do procedemento.
- b) O órgano competente para a resolución do procedemento.
- c) O órgano competente para a tramitación do procedemento.

4. Respecto aos rexistros electrónicos de apoderamentos regulados no artigo 6 da Lei 39/2015 (sinale a resposta incorrecta):

- a) Neles non deberá constar a verificación realizada do poder.
- b) No ámbito estatal, este rexistro será o Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración Xeral do Estado.
- c) Cada organismo poderá dispoñer do seu propio rexistro electrónico de apoderamentos.

5. O artigo 18 da Lei 39/2015 dispón que os interesados nun procedemento que coñezan datos que permitan identificar a outros interesados que non comparecesen nel:

- a) Teñen o deber de proporcionarllos á Administración actuante só se esta os solicita.
- b) Non están obrigados a proporcionarllos á Administración actuante, por tratarse de actos persoalísimos.
- c) Teñen o deber de proporcionarllos á Administración actuante.

6. Ao regular a ampliación de prazos, o artigo 23 da Lei 39/2015 establece que contra o acordo que resolva sobre esta cuestión, que deberá ser notificado aos interesados:

- a) Pode interpoñerse recurso de alzada.
- b) Pode interpoñerse recurso potestativo de reposición.
- c) Non cabe recurso ningún.

7. De conformidade co indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, sen prexuízo da resolución que a Administración debe ditar na forma prevista no apartado 3 deste artigo, o vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución expresa:

- a) Lexitima o interesado ou interesados para entendela desestimada por silencio administrativo, excepto nos supostos nos que unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito da Unión Europea ou de dereito internacional aplicable en España establezan o contrario.
- b) Lexitima o interesado ou interesados para entendela estimada por silencio administrativo, excepto nos supostos nos que unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito da Unión Europea ou de dereito internacional aplicable en España establezan o contrario.
- c) Lexitima o interesado ou interesados para entendela estimada por silencio administrativo, mesmo aínda cando unha norma con rango de lei ou unha norma de dereito da Unión Europea ou de dereito internacional aplicable en España establezan o contrario.

8. O artigo 35 da Lei 39/2015 establece que serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito (sinale a opción incorrecta):

- a) Os actos que se diten de conformidade co ditame de órganos consultivos.
- b) Os acordos de realización de actuacións complementarias.
- c) Os actos que se diten no exercicio de potestades discrecionais.

9. De acordo coa dicción do artigo 48 da Lei 39/2015:

- a) Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, salvo a desviación de poder.
- b) Non obstante, o defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin ou dea lugar á indefensión dos interesados.
- c) A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas implicará, en todo caso, a nulidade do acto.

10. De conformidade co disposto no artigo 53 da Lei 39/2015, os interesados nun procedemento administrativo teñen os seguintes dereitos (sinale a resposta incorrecta):

- a) A identificar as autoridades e o persoal ao servizo das administracións públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.
- b) A non presentar documentos orixinais salvo que, de maneira excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario.
- c) A formular alegacións, a utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico e a achegar documentos en calquera fase do procedemento, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.

11. De conformidade co previsto no artigo 57 da Lei 39/2015, o órgano administrativo que inicie ou tramite un procedemento, calquera que fose a forma da súa iniciación, poderá:

- a) Dispoñer, de oficio ou a instancia de parte, a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión, aínda que non sexa o mesmo órgano quen deba tramitar e resolver o procedemento
- b) Dispoñer, de oficio ou a instancia de parte, a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión, sempre que sexa o mesmo órgano quen deba tramitar e resolver o procedemento.
- c) Dispoñer, unicamente de oficio, a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión, sempre que sexa o mesmo órgano quen deba tramitar e resolver o procedemento.

12. Respecto ao comezo do procedemento a solicitude do interesado, o artigo 66 establece que as solicitudes que se formulen deberán conter (sinale a resposta incorrecta):

- a) Nome e apelidos do interesado e, se é o caso, da persoa que o represente.
- b) Fundamentos xurídicos da súa pretensión, data e sinatura.
- c) Identificación do medio electrónico ou, na súa falta, lugar físico en que desexa que se practique a notificación.

13. Ao referirse á concentración de trámites, o artigo 72 da Lei 39/2015 indica que de acordo co principio de simplificación administrativa:

- a) Acordaranse nun só acto todos os trámites que, pola súa natureza, admitan un impulso simultáneo e sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo.
- b) Acordaranse nun só acto todos os trámites que, pola súa natureza, admitan un impulso simultáneo e non sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo.
- c) Acordaranse nun só acto todos os trámites que, pola súa natureza, non admitan un impulso simultáneo e sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo.

14. O artigo 80 da Lei 39/2015 indica que, de non emitirse o informe no prazo sinalado, e sen prexuízo da responsabilidade en que incorra o responsable da demora:

- a) Suspenderase o prazo máximo legal para resolver o procedemento ata que se emita o informe.
- b) Poderanse proseguir as actuacións, salvo cando se trate dun informe preceptivo e, nese caso, poderase suspender o transcurso do prazo máximo legal para resolver o procedemento.
- c) Poderase continuar co procedemento e non se terá en conta o informe emitido fóra de prazo

15. De conformidade co artigo 82 da Lei 39/2015, e polo que se refire ao trámite de audiencia:

- a) Se antes do vencemento do prazo os interesados manifestan a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos ou xustificacións, poderase prescindir do trámite de audiencia.
- b) Terase por realizado o trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.
- c) Os interesados, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

16. En relación co contido da resolución, o artigo 88 da Lei 39/2015 establece que:

- a) Nos procedementos tramitados a solicitude do interesado, a resolución será congruente coas peticións formuladas por este, e poderase agravar a súa situación inicial.
- b) A Administración poderá absterse de resolver baixo pretexto de silencio, escuridade ou insuficiencia dos preceptos legais aplicables ao caso.
- c) A aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

17. A execución forzosa polas administracións públicas efectuarase, de conformidade co previsto no artigo 100 da Lei 39/2015, respectando sempre o principio de proporcionalidade, polos seguintes medios:

- a) Constrinximento sobre o patrimonio.
- b) Execución coercitiva.
- c) Multa subsidiaria.

18. O artigo 104 da Lei 39/2015 establece que un acto administrativo poderá ser executado por compulsión directa sobre as persoas:

- a) Nos casos en que unha norma legal ou regulamentaria expresamente o autorice.
- b) Dentro sempre do respecto debido á súa dignidade.
- c) Dentro sempre do respecto debido aos dereitos recoñecidos no Estatuto de autonomía.

19. O artigo 117 da Lei 39/2015 dispón que a interposición de calquera recurso:

- a) Suspenderá a execución do acto impugnado en todo caso.
- b) Excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado.
- c) Excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, suspenderá a execución do acto impugnado.

20. Segundo o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ¿cal dos seguintes principios deberán respectar na súa actuación e relacións as administracións públicas?:

- a) Servizo eficiente aos cidadáns.
- b) Planificación e dirección por resultados e control da xestión e avaliación dos medios das políticas públicas.
- c) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.

21. Segundo o artigo 5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para que unha unidade administrativa teña a consideración de órgano administrativo deberá:

- a) Ter atribuídas funcións que non teñan efectos xurídicos fronte a terceiros, ou cuxa actuación teña carácter preceptivo.
- b) Ter atribuídas funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros, ou cuxa actuación teña carácter preceptivo.
- c) Ter atribuídas funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros, ou cuxa actuación non teña carácter preceptivo.

22. Segundo o artigo 13 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas resolucións e actos que se diten mediante suplencia:

- a) Farase constar esta circunstancia e especificarase o titular do órgano en cuxa suplencia se adoptan e quen efectivamente está a exercer esta suplencia.
- b) Non é necesario facer constar esta circunstancia nin especificar o titular do órgano en cuxa suplencia se adoptan, pero si quen efectivamente está a exercer esta suplencia.
- c) Non é necesario facer constar esta circunstancia e especificarase o titular do órgano en cuxa suplencia se adoptan, pero non quen efectivamente está a exercer esta suplencia.

23. Segundo o artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as autoridades ao servizo das administracións absteranse de intervir no procedemento:

- a) Por ter parentesco de consanguinidade en calquera grao ou de afinidade dentro do segundo con calquera dos interesados.
- b) Por ter parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do terceiro con calquera dos interesados.
- c) Por ter parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo con calquera dos interesados.

24. Segundo o artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as infraccións moi graves prescribirán:

- a) Segundo o disposto nas leis que as establezan.
- b) En calquera caso aos tres anos.
- c) En calquera caso aos dous anos.

25. Segundo o artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando a responsabilidade de varias administracións na produción do dano se derive da xestión por medio de fórmulas conxuntas de actuación:

- a) A responsabilidade fixarase para cada Administración atendendo aos criterios de competencia, interese público tutelado e intensidade da intervención.
- b) A responsabilidade fixarase para cada Administración atendendo aos criterios de financiamento da intervención.
- c) As Administracións intervenientes responderán fronte ao particular, en todo caso, de forma solidaria.

26. Segundo o artigo 37 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a esixencia de responsabilidade penal do persoal ao servizo das administracións públicas:

- a) Non suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan, salvo que a determinación dos feitos na orde xurisdiccional penal sexa necesaria para a fixación da responsabilidade patrimonial.
- b) Suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan.
- c) Non suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan, salvo que a determinación dos fundamentos de dereito na orde xurisdiccional penal sexa necesaria para a fixación da responsabilidade patrimonial.

27. Segundo o artigo 41 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración pública no marco dun procedemento administrativo e na que non interviñese de forma directa un empregado público é:

- a) Unha actuación administrativa automatizada.
- b) Unha actuación administrativa electrónica.
- c) Unha actuación administrativa nula.

28. Segundo o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a sustentabilidade financeira dos convenios que inclúan compromisos financeiros significa que:

- a) Quen os subscriba ten capacidade para financiar os compromisos asumidos durante o primeiro ano de vixencia do convenio.
- b) Quen os subscriba ten capacidade para financiar os compromisos asumidos ao finalizar a vixencia do convenio.
- c) Quen os subscriba ten capacidade para financiar os compromisos asumidos durante a vixencia do convenio.

29. Segundo o artigo 5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a creación dun novo órgano administrativo só terá lugar logo da comprobación de que:

- a) Non existe outro na mesma Administración pública que desenvolva igual función sobre o mesmo territorio e poboación.
- b) Non existe outro noutra Administración pública que desenvolva igual función sobre o mesmo territorio e poboación.
- c) Non existe outro na mesma Administración pública que desenvolva igual función sobre outro territorio e poboación.

30. Segundo o artigo 143 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a formalización de relacións de cooperación requirirá:

- a) A aceptación tácita das partes, formulada en todo caso en convenios.
- b) A aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.
- c) A aceptación expresa das partes, formulada sempre en acordos de órganos de cooperación.

31. Segundo o artigo 146 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para a preparación das súas reunións a Conferencia de Presidentes estará asistida por un comité preparatorio do que forman parte:

- a) Un ministro do Goberno, que o preside, e un conselleiro de cada comunidade autónoma.
- b) Un secretario de Estado do Goberno, que o preside, e un conselleiro de cada comunidade autónoma.
- c) Un ministro do Goberno, que o preside, e os presidentes de cada comunidade autónoma.

32. Segundo o artigo 150 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o secretario de cada Conferencia Sectorial terá como funcións:

- a) Preparar as reunións e asistir a elas con voz e voto.
- b) Convocar as reunións por iniciativa propia e asistir a elas con voz e voto.
- c) Preparar as reunións e asistir a elas con voz pero sen voto.

33. Segundo o artigo 151 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a votación para a adopción de decisións nas Conferencias Sectoriais producirase:

- a) Polo número de membros que teña cada Administración pública.
- b) Pola representación que teña cada Administración pública.
- c) Pola capacidade orzamentaria que teña cada Administración pública.

34. Segundo o artigo 151 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o acordo que se adopte na Conferencia Sectorial será de obrigado cumprimento para todas as administracións públicas integrantes da Conferencia Sectorial, con independencia do sentido do seu voto:

- a) Cando a Administración xeral do Estado exerza funcións de coordinación, de acordo coa orde constitucional de distribución de competencias do ámbito material respectivo.
- b) Cando a Administración xeral do Estado exerza funcións de alta inspección, de acordo coa orde constitucional de distribución de competencias do ámbito material respectivo.
- c) Cando a Administración xeral do Estado exerza funcións de cooperación, de acordo coa orde constitucional de distribución de competencias do ámbito material respectivo.

35. Segundo o artigo 152 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a Comisión Sectorial na preparación das reunións da Conferencia Sectorial:

- a) Tratará os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria da Conferencia Sectorial.
- b) Tratará calquera asunto, incluído ou non na orde do día da convocatoria da Conferencia Sectorial.
- c) Só tratará os asuntos nos que se vaian tomar decisións e que estean incluídos na orde do día da convocatoria da Conferencia Sectorial.

36. Segundo o artigo 154 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Comisións Territoriais de Coordinación poderán estar formadas por:

- a) Representantes das Cortes Xerais e representantes das entidades locais.
- b) Representantes das comunidades autónomas e representantes das entidades locais.
- c) Representantes da Unión Europea e representantes das entidades locais.

37. Segundo o artigo 155 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no relativo ás transmisións de datos entre Administracións Públicas, a Administración Pública cedente poderá opoñerse motivadamente a un tratamento ulterior dos datos cedidos no prazo de:

- a) 10 días.
- b) 15 días.
- c) 20 días.

38. Segundo o artigo 157 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as administracións públicas poñerán á disposición de calquera delas que o solicite as aplicacións, desenvolvidas polos seus servizos:

- a) Si, en todo caso.
- b) Si, salvo que a información á que estean asociadas sexa obxecto de especial protección por unha norma.
- c) Si, salvo que o custo da aplicación fose plurianual e sexa obxecto de reserva de lei.

39. De conformidade co artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, negocios e contratos citados nesta sección quedan excluídos do ámbito da presente lei, e rexeranse polas súas normas especiais, aínda que se aplicarán os principios desta lei para:

- a) Resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.
- b) Resolver soamente as dúbidas que puidesen producirse.
- c) O que se considere oportuno.

40. De conformidade co artigo 7.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, exclúense do ámbito da presente lei os acordos que celebre o Estado:

- a) Con outros Estados ou con outros suxeitos de dereito internacional.
- b) Coas Illas Canarias.
- c) Coas sociedades cooperativas.

41. Segundo o disposto no artigo 13.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto:

- a) A xestión dun servizo público.
- b) A compra de material de oficina.
- c) A execución dunha obra, illada ou conxuntamente coa redacción do proxecto, ou a realización dalgún dos traballos enumerados no anexo I.

42. Segundo o artigo 14.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que tipo de contrato é aquel que ten por obxecto a realización polo concesionario dalgunhas das prestacións a que se refire o artigo anterior, incluídas as de restauración e reparación de construcións existentes?:

- a) O contrato de servizos.
- b) O contrato de arrendamento.
- c) O contrato de concesión de obras.

43. Segundo o artigo 16.3.d) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que tipo de contratos son os que teñen por obxecto a adquisición de enerxía primaria ou enerxía transformada?:

- a) Contratos de subministracións.
- b) Contratos de obra.
- c) Contratos de servizos.

44. Segundo o artigo 19.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, son contratos suxeitos a unha regulación harmonizada os contratos de obras, os de concesión de obras, os de concesión de servizos, os de subministración e os de servizos cuxo valor estimado, calculado conforme ás regras que se establecen no artigo 101, sexa igual ou superior ás contías que se indican nos artigos seguintes, sempre que a entidade contratante teña o carácter de:

- a) Poder adxudicador.
- b) Poder absoluto.
- c) Poder total.

45. De acordo co disposto no artigo 20.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, nos contratos de obras que se adxudiquen por lotes separados, cando o valor acumulado dos lotes en que se divida a obra iguale ou supere a cantidade de 5.548.000 euros:

- a) Aplicaranse as normas da regulación harmonizada á adxudicación só do primeiro lote.
- b) Aplicaranse as normas da regulación harmonizada á adxudicación de cada lote.
- c) Non se aplicarán as normas da regulación harmonizada á adxudicación de cada lote.

46. Segundo o artigo 22.1.c) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 750.000 euros, cando se trate de contratos que teñan por obxecto:

- a) Os servizos sociais.
- b) A asistencia sanitaria gratuíta.
- c) O servizo doméstico.

47. De acordo co artigo 25.1.b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, terán carácter administrativo, sempre que se celebren por unha Administración pública, os contratos declarados así expresamente por unha lei e aqueles de obxecto distinto aos expresados na letra anterior, pero que teñan natureza administrativa especial por:

- a) Estar vinculados ao xiro ou tráfico específico da Administración contratante.
- b) Estar vinculados ao xiro ou tráfico xeral da Administración contratante.
- c) Estar vinculados ao xiro ou tráfico específico da sociedade contratante.

48. De acordo co artigo 27.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cal será a xurisdición competente para coñecer das cuestións relativas á preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción dos contratos administrativos?:

- a) A contencioso-administrativa.
- b) A social.
- c) A civil.

49. De acordo co artigo 32.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os poderes adxudicadores poderán organizarse executando de maneira directa prestacións propias dos contratos de obras, subministracións, servizos, concesión de obras e concesión de servizos, a cambio de:

- a) Unha compensación tarifaria.
- b) Unha compensación.
- c) Unha opción de compra.

50. De conformidade co artigo 34.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, nos contratos do sector público poderá incluírse calquera pacto, cláusula e condición, sempre que non sexan contrarios:

- a) Ao ordenamento xurídico.
- b) Á lei.
- c) Ao costume.

51. Segundo o artigo 38.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos celebrados polos poderes adxudicadores, incluídos os contratos subvencionados a que se refire o artigo 23, serán inválidos cando concorran neles algunha das causas que os invalidan de conformidade coas disposicións do:

- a) Dereito civil.
- b) Dereito penal.
- c) Dereito político.

52. De conformidade co artigo 42.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a declaración de nulidade dos actos preparatorios do contrato ou da adxudicación, cando sexa firme, suporá a nulidade de:

- a) O mesmo contrato.
- b) Só unha parte do contrato.
- c) Só os actos preparatorios.

53. De acordo co artigo 44.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, non se dará este recurso en relación cos procedementos de adxudicación que se sigan polo trámite de:

- a) Emerxencia.
- b) Extrema rapidez.
- c) Necesidade.

54. De acordo co artigo 49.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que prazo ten o órgano de contratación para presentar as alegacións que estime oportunas sobre a solicitude de adopción de medidas cautelares:

- a) Dous días hábiles.
- b) Dez días hábiles.
- c) Quince días.

55. De conformidade co artigo 58.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, no caso de que o órgano competente aprecie temeridade ou mala fe na interposición do recurso ou na solicitude de medidas cautelares, poderá acordar a imposición dunha multa:

- a) Ao órgano de contratación.
- b) Ao que non fose responsable desta.
- c) Ao responsable desta.

56. Segundo o artigo 72 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a quen lle corresponde a competencia para apreciar a existencia de prohibicións de contratar?:

- a) Ao órgano de contratación.
- b) Ao Ministerio Fiscal.
- c) Á Mesa.

57. De acordo co artigo 77.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, será esixible a clasificación nos contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a:

- a) 5.000.000 euros.
- b) 50.000 euros.
- c) 500.000 euros.

58. De conformidade co artigo 99.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o obxecto dos contratos do sector público deberá ser:

- a) Imposible.
- b) Indeterminado.
- c) Determinado.

59. De conformidade co artigo 335.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en que prazo deben remitirse os contratos ao Tribunal de Contas?:

- a) Dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato.
- b) Dentro dos cinco meses seguintes á formalización do contrato.
- c) Dentro dos seis meses seguintes á formalización do contrato.

60. De acordo co disposto no artigo 1, da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no obxecto da lei recóllese:

- a) A regulación do exercicio da potestade regulamentaria.
- b) A regulación do exercicio de poderes da comunidade autónoma.
- c) O impulso da organización da participación da cidadanía nos asuntos públicos.

61. De acordo co artigo 5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a encomenda de xestión, a delegación de sinatura e a suplencia:

- a) Non supoñen alteración da titularidade da competencia, aínda que si dos elementos determinantes do seu exercicio que se prevexan en cada caso.
- b) Non supoñen alteración da titularidade da competencia nin dos elementos determinantes do seu exercicio.
- c) Non supoñen alteración dos elementos determinantes do exercicio da competencia, aínda que si da súa titularidade.

62. Segundo o disposto no artigo 9 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a encomenda de xestión de actividades e servizos que sexan competencia doutras administracións públicas en favor de órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entes públicos do sector público autonómico:

- a) Requirirá a aceptación previa da consellería competente por razón da materia e será formalizada mediante a sinatura do correspondente contrato.
- b) Requirirá a aceptación previa do Consello da Xunta e será formalizada mediante a sinatura do correspondente contrato.
- c) Requirirá a aceptación previa do Consello da Xunta e será formalizada mediante a sinatura do correspondente convenio.

63. En base ao artigo 14 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as normas contidas no título I, capítulo I, sección 3.ª, relativas aos órganos colexiados:

- a) Non lle serán aplicables ao Consello da Xunta nin ás súas comisións delegadas.
- b) Seranlle aplicables ao Consello da Xunta e ás súas comisións delegadas.
- c) Non lle serán aplicables ao Consello da Xunta, pero regularán o réxime de funcionamento das súas comisións delegadas.

64. En base ao disposto no artigo 18 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a secretaria ou secretario dun órgano colexiado:

- a) Deberá ser un membro do propio órgano.
- b) Poderá ser un membro do propio órgano ou un empregado público ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou da entidade pública na que se integre o órgano de que se trate.
- c) Deberá ser un membro do propio órgano que teña a condición de empregado público ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

65. En base ao artigo 24 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, cando o desenvolvemento de competencias propias da Administración xeral da Comunidade Autónoma o faga necesario, poderán crearse órganos ou unidades administrativas que exerzan a súa competencia funcional fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Tanto no ámbito territorial estatal coma no exterior.
- b) No ámbito territorial estatal, coa denominación prevista no Estatuto de autonomía.
- c) No ámbito territorial estatal para a coordinación coa Administración xeral do Estado.

66. En base ao artigo 36 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación cos servizos e outros órganos e unidades administrativas de nivel inferior:

- a) Corresponden aos servizos, ademais das competencias específicas que teñan atribuídas nos decretos de estrutura orgánica, as funcións de informe e proposta das cuestións pertencentes ao seu ámbito competencial, así como funcións de planificación, coordinación, dirección e control das unidades administrativas deles dependentes.
- b) Corresponden aos servizos e a outros órganos e unidades administrativas de nivel inferior as competencias específicas que teñan atribuídas nos decretos de estrutura orgánica.
- c) As unidades administrativas que conforman os servizos constitúen órganos de apoio aos órganos de dirección de cada consellería, ás que lles corresponden as competencias específicas que teñan atribuídas na norma reguladora en materia de emprego público.

67. En base ao artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sinala a afirmación correcta en relación co trámite de audiencia da fase intermedia do procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral:

- a) A decisión sobre o procedemento escollido para a audiencia será debidamente motivada no expediente.
- b) Nos trámites de audiencia e información pública, promoverase a participación cidadá no caso de proxectos organizativos ou que teñan repercusións orzamentarias.
- c) O trámite de audiencia e de información pública poderá ser abreviado ata o mínimo de dez días naturais cando razóns debidamente motivadas así o xustifiquen.

68. De conformidade co establecido no artigo 5.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia promoveran o desenvolvemento dos servizos públicos dixitais que:

- a) Atendan de xeito non personalizado á cidadanía, sen ter en conta as súas circunstancias.
- b) Promovan actuacións simplificadas ou automatizadas que reduzan os tempos de atención ou resolución administrativa.
- c) Teñan en conta as características especiais das zonas urbanas, tanto na súa concentración como na dispoñibilidade de medios de acceso aos servizos públicos dixitais.

69. De conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a Xunta de Galicia determinará as medidas necesarias para garantir:

- a) Que os cidadáns e cidadás galegas residentes fóra de Galicia que residan no ámbito da Unión Europea, e as entidades galegas asentadas fóra de Galicia, teñan acceso por medios electrónicos aos servizos públicos dixitais que lles sexan de aplicación.
- b) Que os cidadáns e cidadás galegas residentes fóra de Galicia, excluindo as entidades galegas asentadas fóra de Galicia, teñan acceso por medios electrónicos aos servizos públicos dixitais que lles sexan de aplicación.
- c) Que os cidadáns e cidadás galegas residentes fóra de Galicia e as entidades galegas asentadas fóra de Galicia teñan acceso por medios electrónicos aos servizos públicos dixitais que lles sexan de aplicación.

70. De conformidade co establecido no artigo 29.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o Rexistro Electrónico Xeral permitirá a presentación de solicitudes, escritos, comunicacións e documentos:

- a) Todos os días do ano durante un período de doce horas consecutivas.
- b) Todos os días do ano durante as vinte catro horas.
- c) Todos os días do ano durante as vinte catro horas, exceptuando os domingos e os declarados festivos.

71. Segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o cómputo de prazos do Rexistro Electrónico Xeral rexerase polo establecido:

- a) No artigo 31 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- b) No artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- c) No artigo 38 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

72. Segundo o establecido no artigo 45.6 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o sistema Notifica.gal estará accesible:

- a) Só no Portal web institucional da Xunta de Galicia.
- b) Só na sede electrónica da Xunta de Galicia.
- c) No portal web institucional da Xunta de Galicia e na sede electrónica da Xunta de Galicia, así como no seu enderezo directo.

73. Segundo o establecido no artigo 63.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, os documentos administrativos e aqueles susceptibles de formar parte dun expediente:

- a) Terán sempre asociada a lo menos unha sinatura electrónica para garantir a autenticidade e integridade.
- b) Terán sempre asociadas a lo menos dúas sinaturas electrónicas para garantir a autenticidade e integridade.
- c) Non requiren ter asociada ningunha sinatura electrónica que garanta a autenticidade e integridade.

74. De conformidade co establecido no artigo 73.4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, os certificados electrónicos con pseudónimo poderán ser habilitados:

- a) Nunca se poderán habilitar certificados electrónicos con pseudónimo.
- b) Cando se trate de actuacións que afecten á información clasificada, á seguridade pública ou á defensa nacional.
- c) Cando así o solicite o empregado público para o que se habilite.

75. O artigo 33 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, recolle que as características e o funcionamento do Rexistro de Persoal Directivo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia se regulará mediante:

- a) Lei do Parlamento de Galicia.
- b) Decreto do Consello da Xunta.
- c) Orde da consellería competente en materia de Función Pública.

76. Segundo o artigo 53 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, os requisitos e as condicións para o acceso ao emprego público nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei do persoal funcionario de nacionalidade española ao servizo de organismos internacionais estableceranse:

- a) Por Lei do Parlamento de Galicia.
- b) Mediante Decreto do Consello da Xunta de Galicia.
- c) Regulamentariamente.

77. Conforme coa redacción do artigo 72 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei deben elaborar e aplicar un plan de igualdade:

- a) Que se desenvolverá no convenio colectivo ou no acordo de condicións de traballo do persoal laboral que sexa aplicable, nos termos previstos por este.
- b) Que se desenvolverá no acordo de condicións de traballo do persoal laboral que sexa aplicable.
- c) Que se desenvolverá no convenio colectivo ou no acordo de condicións de traballo do persoal funcionario que sexa aplicable.

78. Segundo o artigo 97 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira que cese nun posto de traballo sen obter outro polos procedementos ordinarios de provisión previstos no capítulo III do título VI da lei quedará:

- a) Á disposición da consellería competente en materia de función pública ou órgano equivalente.
- b) Á disposición do órgano competente en materia de persoal da consellería competente en materia de función pública.
- c) Á disposición do órgano competente en materia de persoal da Administración pública en que estea destinado.

79. Segundo o artigo 129.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, as licenzas para a realización de estudos sobre materias directamente relacionadas coa Administración pública pódense concedérselle igualmente, durante o tempo que se prolongue o curso selectivo ou o período de prácticas, ao persoal funcionario en prácticas que xa estivese prestando servizos remunerados na Administración como:

- a) Empregado público.
- b) Persoal funcionario de carreira.
- c) Persoal funcionario.

80. Segundo o recollido no artigo 151 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, as variacións na representatividade sindical, para os efectos de modificación na composición das mesas de negociación, serán acreditadas polas organizacións sindicais interesadas, mediante o correspondente certificado da oficina pública de rexistro competente:

- a) Cada dous anos a partir da constitución das citadas mesas.
- b) Cada ano a partir da data inicial de constitución das citadas mesas.
- c) Cada dous anos a partir da data inicial de constitución das citadas mesas.

81. Con base no recollido no artigo 167 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, en cal dos seguintes casos non estará o persoal funcionario de carreira na situación de servizos especiais?:

- a) Cando sexa autorizado para realizar unha misión por un período determinado igual ou superior a dous meses en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional.
- b) Cando desempeñe un posto de traballo de carácter directivo no Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia.
- c) Cando sexa designado como persoal eventual para realizar funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial e non opte por permanecer na situación de servizo activo.

82. De acordo co establecido no artigo 2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, no ámbito de aplicación da lei, delimitado no apartado 1 deste artigo:

- a) Entenderase incluído todo o persoal, calquera que sexa a natureza xurídica da relación de emprego.
- b) Entenderanse incluídos os empregados públicos que teñan a condición de funcionario, de carreira ou interino, e o persoal laboral.
- c) Entenderase incluído todo o persoal funcionario de carreira e o persoal laboral fixo das administracións e entidades

83. De acordo co artigo 8 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, o persoal incluído no ámbito de aplicación desta lei que, en representación do sector público, pertenza a consellos de administración ou órganos de goberno de entidades ou empresas públicas ou privadas:

- a) Percibirá as retribucións que lle correspondan pola súa pertenza e poderá percibir ademais as axudas de custo ou as indemnizacións que correspondan pola súa asistencia.
- b) Non poderá percibir as axudas de custo ou as indemnizacións que correspondan pola súa asistencia a estes.
- c) Só poderá percibir as axudas de custo ou as indemnizacións que correspondan pola súa asistencia a estes.

84. Segundo o disposto no artigo 12 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, as actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas administracións públicas:

- a) Só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta lei como de prestación a tempo parcial.
- b) Só poderán autorizarse cando para a actividade pública se modifique a xornada de traballo e horario na resolución de recoñecemento de compatibilidade.
- c) Non poderán autorizarse en ningún caso.

85. En base ao disposto no artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, os recoñecementos de compatibilidade para actividades profesionais laborais, mercantís ou industriais fóra das administracións públicas quedarán automaticamente sen efecto en caso de:

- a) Cambio de posto no sector público.
- b) Superación do prazo de tramitación.
- c) Cambio na estrutura organizativa da empresa.

86. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, inscribíranse nos rexistros de persoal correspondentes:

- a) Todas as resolucións de compatibilidade para desempeñar un segundo posto ou actividade no sector público.
- b) Todas as resolucións de compatibilidade para desempeñar un segundo posto ou actividade no sector público ou o exercicio de actividades privadas.
- c) Todas as solicitudes de compatibilidade referidas á pertenza a consellos de administración ou órganos reitores de empresas ou entidades privadas.

87. En base ao disposto no artigo 20 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, o incumprimento do disposto nos artigos anteriores será sancionado:

- a) Conforme ao réxime disciplinario previsto na lei de incompatibilidades, atendendo ás sancións que nesta se establezan.
- b) Conforme ao réxime disciplinario establecido no Estatuto dos traballadores.
- c) Conforme ao réxime disciplinario de aplicación.

88. En base ao artigo 2 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, atendendo ao principio de transversalidade das políticas en materia de discapacidade:

- a) As actuacións que desenvolven as administracións públicas comprenden as políticas e as liñas de acción de carácter xeral en calquera dos ámbitos de actuación pública, onde se terán en conta as necesidades e as demandas das persoas con discapacidade.
- b) As organizacións representativas de persoas con discapacidade e das súas familias participarán na elaboración e avaliación das políticas oficiais que se desenvolven na esfera das persoas con discapacidade.
- c) As actividades e servizos que prestan as administracións públicas deberán poder ser utilizados por todas as persoas, na maior extensión posible, sen necesidade de adaptación nin deseño especializado.

89. De acordo co artigo 7 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade:

- a) Teñen os mesmos dereitos ca os demais cidadáns, coas limitacións que se autoricen conforme ao previsto nesta lei.
- b) Teñen os mesmos dereitos ca os demais cidadáns, conforme ao noso ordenamento xurídico.
- c) Teñen os mesmos dereitos ca os demais cidadáns, conforme ao previsto na Constitución española.

90. De acordo co artigo 32 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, nos proxectos de vivendas protexidas:

- a) Programarase un mínimo dun tres por cento coas características construtivas adecuadas que garantan o acceso seguro das persoas con discapacidade.
- b) Programarase un mínimo dun dous por cento coas características construtivas e de deseño adecuadas que garantan o acceso seguro das persoas con discapacidade.
- c) Programarase un mínimo dun catro por cento coas características construtivas e de deseño adecuadas que garantan o acceso e o desenvolvemento cómodo e seguro das persoas con discapacidade.

91. De acordo co artigo 38 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a orientación e a colocación en igualdade de condicións das persoas con discapacidade que se atopen en situación de busca de emprego corresponde a:

- a) Os servizos públicos de emprego, ben directamente ou ben a través de entidades colaboradoras, e ás axencias de colocación debidamente autorizadas.
- b) Os servizos públicos de emprego, sen prexuízo de que regulamentariamente se poida establecer a participación nestas actuacións de entidades colaboradoras e ás axencias de colocación.
- c) Os servizos públicos de emprego directamente.

92. De acordo co artigo 37 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade poden exercer o seu dereito ao traballo a través dos seguintes tipos de emprego:

- a) Emprego protexido, en centros especiais de emprego e en enclaves laborais.
- b) Emprego protexido nas empresas.
- c) Emprego protexido nas administracións públicas.

93. De acordo co artigo 51 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, os servizos de centro de día e de noite:

- a) Poderán ser promovidos polas administracións públicas, polas propias persoas con discapacidade e polas súas familias, así como polas súas organizacións representativas.
- b) Teñen como finalidade facilitar aloxamento e vivenda, así como previr a intensificación de discapacidades.
- c) Deben facilitar asistencia sanitaria ás persoas con discapacidade e ás súas familias, así como o coñecemento das prestacións e servizos ao seu alcance.

94. De acordo co artigo 58 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, o financiamento das distintas prestacións, subsidios, atencións e servizos contidos nesta lei efectuarase con cargo a:

- a) Os orzamentos xerais do Estado.
- b) Os orzamentos xerais do Estado, e aos das comunidades autónomas e entidades locais, de acordo coas competencias que lles correspondan respectivamente.
- c) Os orzamentos xerais do Estado, e aos das comunidades autónomas, de acordo coas competencias que lles correspondan respectivamente.

95. Segundo o establecido no artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, entre os seus principios reitores atópase:

- a) Principio de transparencia, principio de accesibilidade universal e principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico.
- b) Principio de transparencia, principio de accesibilidade universal e principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía.
- c) Principio de transparencia, principio de accesibilidade universal e principios de integridade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía.

96. De conformidade co establecido no artigo 4.1 e 4.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, están obrigadas a fornecer información á Administración:

- a) Todas as persoas físicas ou xurídicas, previstas no art. 3.1 desta lei.
- b) Todas as persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos e as beneficiarias de subvencións.
- c) Todas as persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos, exerzan potestades administrativas, as adxudicatarias de contratos e as beneficiarias de subvencións.

97. De conformidade co establecido no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información de subvencións, facilitarase información sobre:

- a) O texto íntegro da convocatoria das subvencións e das concesións, agás que a existencia dun interese público aconselle non publicalo.
- b) O texto íntegro da convocatoria das subvencións e das concesións.
- c) O texto íntegro da resolucións de concesión das subvencións, agás que a existencia dun interese público aconselle non publicalo.

98. De conformidade co establecido no artigo 21.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á reutilización da información do sector público autonómico:

- a) A aplicación da presente lei farase sen prexuízo da normativa aplicable ao dereito de acceso aos documentos.
- b) A aplicación da presente lei farase en todo caso con preferencia a outra normativa sobre o dereito de acceso aos documentos.
- c) Ao dereito de acceso aos documentos seralle de aplicación preferente e exclusiva a presente lei.

99. Segundo o establecido no artigo 32.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o Comisionado da Transparencia ten entre as súas funcións:

- a) Poderá efectuar requirimentos para a corrección dos incumprimentos en aplicación da presente lei, pero non asesorar nesta materia.
- b) Asesorar en materia de transparencia e efectuar requirimentos para a corrección dos incumprimentos en aplicación da presente lei.
- c) Poderá efectuar requirimentos para a corrección dos incumprimentos en aplicación da presente lei e informar sobre anteproxectos de lei en materia de transparencia e bo goberno, pero non asesorar nesta materia.

100. Segundo o establecido no artigo 38.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre o bo goberno:

- a) Non se establece un tratamento oficial para os altos cargos.
- b) O tratamento oficial dos membros do Goberno será o de Ilustrísimo/a señor/a, seguido da denominación do cargo correspondente.
- c) O tratamento oficial dos membros do Goberno e dos altos cargos será o de señor/señora, seguido da denominación do cargo correspondente.

101. Segundo o establecido no artigo 40.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os altos cargos só poderán percibir unha remuneración, con cargo aos orzamentos das administracións públicas, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que correspondan, e:

- a) As restantes cantidades que se devindiquen polo desenvolvemento dos seus cargos reteranse polo ente pagador.
- b) Non se devengarán máis importes polo desenvolvemento dos seus cargos.
- c) As restantes cantidades que se devindiquen polo desenvolvemento dos seus cargos serán ingresadas polo ente pagador na Tesourería Xeral da Xunta de Galicia.

102. De conformidade co establecido no artigo 2.2.b) da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, non será de aplicación:

- a) Aos tratamentos de datos de persoas incapacitadas xudicialmente.
- b) Aos tratamentos de datos de persoas falecidas.
- c) Non existen excepcións á aplicación desta lei orgánica.

103. De conformidade co establecido no artigo 6.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobreenténdese por consentimento do afectado:

- a) Toda manifestación de vontade libre, específica, informada e inequívoca pola que este acepta o tratamento de datos persoais.
- b) Toda manifestación de vontade libre, informada e inequívoca pola que este acepta o tratamento de datos persoais.
- c) Toda manifestación de vontade libre, específica e informada pola que este acepta o tratamento de datos persoais.

104. De conformidade co establecido no artigo 8.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o tratamento de datos por obrigaón legal, interese público ou exercicio de poderes públicos:

- a) Só poderá considerarse fundado cando derive dunha competencia atribuída por unha orde.
- b) Só poderá considerarse fundado cando derive dunha competencia atribuída por unha norma ou resolución administrativa.
- c) Só poderá considerarse fundado cando derive dunha competencia atribuída por unha norma con rango de lei.

105. De conformidade co establecido no artigo 10.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o tratamento de datos de natureza penal:

- a) O tratamento de datos persoais relativos a condenas e infraccións penais só se poderá levar a cabo cando se atope amparado nesta lei orgánica.
- b) O tratamento de datos persoais relativos a condenas e infraccións penais só se poderá levar a cabo cando se atope amparado nunha norma de dereito da Unión, nesta lei orgánica ou noutras normas de rango legal.
- c) O tratamento de datos persoais relativos a condenas e infraccións penais só poderá levar a cabo cando se atope amparado nunha norma de dereito da Unión e nesta lei orgánica.

106. De conformidade co establecido no artigo 13.3 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o dereito de acceso:

- a) Poderase considerar repetitivo o exercicio do dereito de acceso en máis dunha ocasión durante o prazo de 1 ano.
- b) Poderase considerar repetitivo o exercicio do dereito de acceso en máis dunha ocasión durante o prazo de 6 meses.
- c) Non se poderá considerar nunca repetitivo o exercicio do dereito de acceso.

107. Segundo o establecido no artigo 31.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o rexistro das actividades de tratamento:

- a) Non se establece a obrigaón de que o responsable leve un rexistro das actividades de tratamento.
- b) Cada responsable e, se é o caso, o seu representante levarán un rexistro das actividades de tratamento efectuadas baixo a súa responsabilidade.
- c) Cada responsable e, se é o caso, o seu representante levarán un rexistro das actividades de tratamento efectuadas baixo a súa responsabilidade, sen excepción ningunha.

108. Segundo o establecido no artigo 36.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre a posición do delegado de protección de datos:

- a) O delegado poderá inspeccionar os procedementos relacionados co obxecto da presente lei orgánica e emitir recomendacións no ámbito das súas competencias.
- b) O delegado non poderá inspeccionar os procedementos relacionados co obxecto da presente lei orgánica.
- c) O delegado poderá inspeccionar os procedementos relacionados co obxecto da presente lei orgánica, pero non poderá dar instrucións ou recomendacións.

109. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a procura e a eliminación absoluta das discriminacións por razóns de sexo, sexan directas ou indirectas, é:

- a) Unha medida de acción positiva.
- b) Unha medida para erradicar prexuizos.
- c) Un principio de actuación.

110. Segundo o disposto no artigo 2 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a situación en que unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada por razón de sexo de maneira menos favorable ca outra en situación comparable defínese como:

- a) Discriminación indirecta.
- b) Discriminación directa.
- c) Acoso moral por razón de xénero.

111. Segundo o disposto no artigo 4 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes:

- a) Non están previstas na lei.
- b) Consideraranse discriminatorias.
- c) Son medidas de acción positiva.

112. Segundo o disposto no artigo 5 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, en aplicación do principio de integración da dimensión da igualdade de oportunidades en todas as políticas da súa competencia, a Xunta de Galicia establece, entre outros, o seguinte criterio xeral de actuación:

- a) O fomento dunha participación desequilibrada das mulleres e homes na toma de decisións.
- b) A conciliación do emprego e da vida familiar das mulleres e homes e o fomento da individualización dos dereitos tendentes a esa conciliación.
- c) A consecución da igualdade de oportunidades das mulleres e homes na política económica, laboral e social, salvo no suposto das diferenzas salariais por razón de sexo.

113. Segundo o disposto no artigo 8 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, o informe sobre o impacto de xénero emitido polo órgano competente en materia de igualdade para a elaboración dos regulamentos con repercusión en cuestións de xénero terá carácter:

- a) Facultativo e vinculante.
- b) Non vinculante.
- c) Vinculante.

114. Segundo o disposto no artigo 29 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a consellería competente en materia de traballo promoverá a revisión e a mellora da lista de cualificacións profesionais, incorporando a perspectiva de xénero a través do seguinte órgano:

- a) Instituto Galego das Cualificacións.
- b) Consello Galego de Relacións Laborais.
- c) Consello Galego das Mulleres.

115. De conformidade co establecido no artigo 2.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, para o cumprimento dos seus fins, a presente lei regula:

- a) As actuacións que han desenvolver os empresarios, os traballadores e as súas respectivas organizacións representativas.
- b) As actuacións que han desenvolver as administracións públicas, os empresarios, os traballadores e as súas respectivas organizacións representativas.
- c) As actuacións que han desenvolver as administracións públicas, os empresarios e os traballadores.

116. De conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, esta lei será de aplicación a:

- a) As relacións laborais reguladas no Estatuto dos traballadores, ao persoal ao servizo das administracións públicas e ás sociedades cooperativas nas que existan socios cuxa actividade consista na prestación dun traballo persoal.
- b) As relacións laborais reguladas no Estatuto dos traballadores e ao persoal ao servizo das administracións públicas.
- c) As relacións laborais reguladas no Estatuto dos traballadores e a todas as sociedades cooperativas.

117. Segundo o establecido no artigo 6.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, as normas regulamentarias en materia de prevención de riscos laborais respectarán:

- a) A debida coordinación coa normativa sanitaria e de seguridade industrial e serán obxecto de avaliación e, de ser o caso, de revisión periódica.
- b) A debida coordinación coa normativa laboral e de seguridade persoal e a revisión periódica.
- c) A debida coordinación coa normativa laboral e de seguridade industrial.

118. Segundo o establecido no artigo 7.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, as administracións públicas competentes en materia laboral desenvolverán as seguintes funcións:

- a) Promoción da prevención, asesoramento técnico, vixilancia e control do cumprimento das normas e sanción das infraccións.
- b) Promoción da prevención, vixilancia e control do cumprimento das normas e sanción das infraccións.
- c) Promoción da prevención, asesoramento técnico, control do cumprimento normativo.

119. De conformidade co establecido no artigo 15.5 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, os traballadores autónomos respecto a eles mesmos e as sociedades cooperativas respecto aos seus socios:

- a) Poderán concertar operacións de seguro que teñan como fin garantir a previsión de riscos derivados do traballo.
- b) Deberán concertar operacións de seguro que teñan como fin garantir a previsión de riscos derivados do traballo.
- c) Deberán concertar operacións de seguro que teñan como fin garantir os posibles riscos derivados do traballo.

120. De conformidade co establecido no artigo 16.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sobre o plan de prevención de riscos laborais, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva:

- a) Poderán ser levados a cabo en dúas fases, a avaliación de riscos laborais e a planificación da actividade preventiva.
- b) Levarase a cabo en dúas fases, a avaliación de riscos laborais e a planificación da actividade preventiva.
- c) Poderán ser levados a cabo en tres fases, a avaliación de riscos laborais, a formación preventiva e a planificación da actividade preventiva.

Preguntas de reserva

121. De conformidade co disposto no artigo 1 da Lei 39/2015, é obxecto desta (sinale a resposta incorrecta):

- a) Regular os requisitos de validez e eficacia dos actos administrativos.
- b) Regular o procedemento administrativo común a todas as administracións públicas, incluído o sancionador e o de reclamación de responsabilidade das administracións públicas.
- c) As bases do réxime xurídico das administracións públicas.

122. Segundo o artigo 1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, esta lei ten por obxecto:

- a) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración xeral do Estado e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.
- b) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración autonómica e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.
- c) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración local e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.

123. De acordo co artigo 1.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a presente lei ten por obxecto regular:

- a) A contratación da Administración pública.
- b) A contratación dos municipios.
- c) A contratación do sector público.

124. Segundo o recollido no artigo 5 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, pódense ditar normas singulares para adecuar esta lei ás peculiaridades:

- a) Do persoal investigador.
- b) Do persoal docente dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, agás as materias recollidas no dito artigo.
- c) Do persoal docente dependente da Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, agás as materias recollidas no dito artigo.

125. De conformidade co establecido no artigo 8 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información sobre as relacións coa cidadanía, facilitarase información sobre:

- a) A relación de procedementos e servizos á disposición da cidadanía e os requisitos e condicións de acceso aos servizos públicos.
- b) A relación de procedementos e servizos á disposición da cidadanía.
- c) A relación de procedementos e servizos á disposición da cidadanía, os requisitos e condicións de acceso aos servizos públicos e as cartas de servizos aprobadas.